

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 448/2014

En diversos departamentos do Concello de Ponte Caldelas, en concreto en Servizos Sociais, na Casa da Cultura e na Gardería-Ludoteca existen tres fotocopiadoras que, dado o seu grao de obsolescencia, é necesario a adquisición dunhas novas e o seu mantemento.

En data 02.06.14 realizouse unha providencia de inicio para a contratación de catro fotocopiadoras e, dado que para a Oficina Técnica pódese suplantar a fotocopiadora existente por unha impresora multifunción A4, que realice as funcións de impresora, escáner e fotocopiadora, e esta sería suficiente, en data 29.07.14 realizouse unha nova providencia para que a contratación se realice para tres fotocopiadoras e o seu mantemento: unha para o Departamento de Servizos Sociais do Concello de Ponte Caldelas, outra para a Casa da Cultura e outra para a Gardería-Ludoteca.

A modalidade pola que pretende adjudicar é o de procedemento aberto oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adjudicación do contrato de subministro de tres fotocopiadoras en réxime de renting do Concello de Ponte Caldelas.

Á vista de que se redactou o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, á vista de que o día 23.10.13 foi emitido pola Intervención un certificado de existencia de crédito, á vista do Informe conxunto de Secretaría e Intervención de data 23 de outubro de 2014 e á vista das miñas competencias establecidas na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Que se aprobe o expediente de contratación mediante procedemento aberto, oferta máis vantaxosa, con varios criterios de adjudicación, para o subministro en réxime de renting de tres (3) novas fotocopiadoras para o Concello de Ponte Caldelas e o seu mantemento, e que se convoque a súa licitación, cun orzamento de 9.680,00 €, desglosado en valor estimado 8.000,00 €, IVE: 1.680,00 €.

SEGUNDO. Que se autorice o gasto que para este concello representa a devandita contratación, con cargo á aplicación 920/203.00 do estado de gastos do orzamento municipal deste concello para o exercicio 2014.

TERCEIRO. Que se aproben os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato do subministro en réxime de renting de tres fotocopiadoras para o Concello de Ponte Caldelas e o seu mantemento por procedemento aberto, oferta máis vantaxosa, varios criterios de adjudicación.

CUARTO. Que se publique no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil do contratante un anuncio de licitación, para que durante o prazo de quince (15) días hábiles os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes.

QUINTO. Publicar a composición da mesa de contratación no perfil do contratante.



O Alcalde,

Asdo.: Perfecto Rodríguez Muíños

Ponte Caldelas, 31 de outubro de 2014.

O Secretario,

Asdo.: Jacobo Barreiro Pimentel